XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

Edificio Advo. San Caetano, s/n - bloque 5 - 3ª planta
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Resolución do 4 de abril pola que se aceptan dúas renuncia e se concede unha bolsa de formación na Dirección Xeral de Comercio, convocada pola Orde do 22 de decembro de 2015

Mediante a Orde da Consellería de Economía e Industria, do 22 de decembro de 2015 (DOG núm 248 do 30 de decembro de 2015), establecéronse as bases reguladoras para a concesión das bolsas de formación na Dirección Xeral de Comercio e procedeuse á súa convocatoria.

Unha vez concluído o prazo de presentación de instancias e avaliadas as solicitudes presentadas de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo 12 das bases da convocatoria, a Comisión de Valoración elevou unha relación de catro persoas propostas para a adxudicación das bolsas e a listaxe de reserva para o caso de non-aceptación ou renuncia dalgunha delas.

O 28 de marzo de 2016 a Consellería de Economía e Industria ditou resolución nestes termos:

Primeiro.- Concederlles catro bolsas de formación na Dirección Xeral de Comercio ás persoas beneficiarias que se relacionan de seguido:

ORDE	Nº EXPTE.	SOLICITANTE
1	IN225A-2016/050	Diéguez Carreira, David
2	IN225A-2016/035	Tobio Rodríguez, Lara
3	IN225A-2016/042	Castro Fernández, Cristina
4	IN225A-2016/012	Cedeira González, Andrea

Cada bolsa estará dotada con 900 euros brutos por mes.

Segundo.- Establecer a listaxe de reserva, por orde de prelación, para o caso de non-aceptación ou renuncia dalgunha das bolsas concedidas:

ORDE	Nº EXPTE.	SOLICITANTE
1	IN225A-2016/028	Mallón Casabiell, Pilar
2	IN225A-2016/049	Abal Rodríguez, Beatriz
3	IN225A-2016/009	Cordido Méndez, Pamela
4	IN225A-2016/036	Lago Justo, Luis Alberto

(...)

O 1 de abril de 2016 Lara Tobío Rodríguez, na súa condición de adxudicataria dunha bolsa de formación na Dirección Xeral de Comercio, manifestou a súa renuncia a ela.

A segunda suplente Beatriz Abal Rodríguez, xa que a primeira xa foi chamada para a cubrir a renuncia que presentou Andrea Cedeira González, manifestou á súa renuncia á bolsa, polo que se propón a súa adxudicación á candidata que figura en terceiro lugar na listaxe de reseva, Pamela Cordido Méndez.

En virtude do anterior, e de conformidade co establecido no artigo 14.2 das bases da convocatoria e segundo a proposta da Dirección Xeral de Comercio

RESOLVO:

Primeiro.- Aceptar a renuncia á bolsa de formación na Dirección Xeral de Comercio presentada pola beneficiaria Lara Tobío Rodríguez (NIF: 36119393D).

Segundo.- Concederlle unha bolsa de formación na Dirección Xeral de Comercio a Pamela Cordido Méndez (NIF: 79336059C).

A bolsa estará dotada con 900 euros brutos por mes.

Terceiro.- Dado que existe crédito suficiente nas partidas orzamentarias 2016.09.30.751A.480.0 e 2016.09.30.751A.484.0 proxecto de investimento 2015.00254 e estando fiscalizados os documentos contables "AD" de autorización e disposición de gastos a favor de multiterceiros sen desglose de NIF polo importe de 32.400,00 € con data 28/04/2016, e a favor da Tesourería Xeral da Seguridade Social polo importe de 2.000,00 € coa mesma data, non é preciso expedir ningún documento contable a favor do beneficiario, independentemente de que se realice a fiscalización limitada previa do expediente. A contía da bolsa calcúlase desde a data de incorporación da persoa bolseira ata o 30 de decembro de 2016.

Cuarto.- A persoa beneficiaria da bolsa deberá comunicar a súa aceptación ou renuncia no prazo máximo de cinco días hábiles contados desde o seguinte ao da notificación desta resolución.

Despois de transcorrer o dito prazo, se a beneficiaria non se declarase en ningún sentido, entenderase que acepta a bolsa.

Así mesmo, no caso de que a adxudicataria non acepte a bolsa ou non poida incorporarse por calquera outro motivo, poderá ser substituída polas persoas que figuren na listaxe de reserva en función da súa puntuación.

Quinto.- A persoa beneficiaria da bolsa terá as obrigas establecidas no artigo 19 das bases reguladoras da concesión desta.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, ou ben directamente recurso

contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses que se contarán desde a mesma data. En todo caso, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición.

Notifíquese esta resolución ás persoas interesadas.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2016

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria
I

Francisco José Conde López